

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS E SOCIAS DO MUSEO DO POBO GALEGO

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2021

RELACIÓN DE ASISTENTES:

D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado,
D^a. Concepción Losada Vázquez, vicepresidenta do Padroado,
D^a. María Xosé Fernández Cerviño, vogal do Consello de Goberno,
D. Lino Lema Bouzas, tesoureiro da Xunta Reitora,
D. Manuel Vilar Álvarez, director do Museo do Pobo Galego
Asociación Cultural La Montañesa,
Asociación Escritores en Lingua Galega,
D^a. María José Bóveda Fernández,
D^a. Isabel Cabarcos Bermúdez,
D. Luis Celeiro Álvarez,
D. Mario César Vila,
D^a. Esperanza Delgado González,
D^a. Mercedes Espiño Amil,
D^a. Ana Isabel Filgueiras Rei,
D. Luís Martull Tobío,
D^a. Encarna Otero Cepeda,
D. Eduardo Otero Iglesias,
D^a. María José Pérez Mascato,
D. Bieito Pérez Outeiriño,
D^a. Bríxida Pino Lestao,
D. Xosé Ramón Pousa Estévez,
D. Manuel Real Gude,
D. Anxo Regueiro López,
D. Francisco Veiga García,
D^a. Xulia Vázquez Randulfe,
D^a. Mari Vega Cerqueiro,
D. Francisco Manuel Veiga García,
D. Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez, e
D. Francisco J. Sanjjao Otero, secretario da Xunta Reitora

DESCULPAN A AUSENCIA:

D. José Manuel Blanco Prado
D. Antonio Díez Bahamonde.
D. Eduardo Fra Molinero
D. David Otero Fernández.
D. Xoán Xosé Molina Vázquez
D. Xulio Pardellas de Blas
D^a. Estefanía Lodeiro Paz

En Santiago de Compostela, a 8 de maio de 2021, no Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria de socios e socias, que dá comezo ás 11:30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia de D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, coas asistencias e desculpas de ausencias arriba relacionadas.

Abre a sesión o presidente da Asemblea quen, despois de agradecer ás persoas presentes a súa participación nesta Asemblea e informar do protocolo de seguridade a seguir na mesma para cumprir, procede a tratar a orde do día.

A Asemblea celébrase cumprindo os requisitos de hixiene e distanciamento social fixados pola normativa aplicable no auditorio do Museo, a entrada á Asemblea permitírase até completar o aforo

permitido pola normativa aplicable. Será obrigatorio o uso de máscara durante a permanencia nas instalacións do Museo do Pobo Galego.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASEMBLEA DE SOCIAS E SOCIOS DO 18 DE XULLO DE 2020.

En cumprimento do acordo da Asemblea Xeral celebrada o 8 de maio de 2010, a acta da Asemblea Ordinaria do 18 de xullo de 2021, foi remitida en formato dixital a quen temos o seu enderezo electrónico. Aqueles socios e socias dos que non temos o seu enderezo virtual, foron informadas no envío da convocatoria de que podían consultar a documentación complementaria na ligazón <http://www.museodopobo.gal/web/uploads/pdf/AXOSOC%202020.pdf>

Apróbase a acta por asentimento.

2. MODIFICACIÓN NO PROCESO ELECTORAL POLAS RESTRICIÓN S DERIVADAS DA SITUACIÓN SANITARIA.

Este ano correspondería realizar o proceso electoral para designar a quen forme parte do Padroado da Asociación en representación de socios e socias, e entre as persoas escollidas, unha que se incorporará no Consello de Goberno, pero a continuidade das restricións derivadas da pandemia, dificultan a posibilidade de celebrar unha Asemblea na que se poida celebrar este proceso con garantías, en canto sería necesario poder realizar un mecanismo de votación aberto a todas as persoas socias. O mesmo problema se presenta respecto no proceso de renovación dos cargos do Padroado, procedemento que, como indicou o presidente será tratado na vindeira Asemblea do Padroado, coa proposta por parte do Consello de Goberno de adiar este proceso até o 2022.

Por este motivo, o Consello de Goberno do mes de marzo aprobou por unanimidade prorrogar o mandato dos representantes actuais de socias e socios no Padroado e no Consello de Goberno por un ano, adiando o proceso electoral até a Asemblea de Socias e Socios de maio de 2022.

Desta forma, volveremos a concentrar os dous procesos electorais das Asembleas de Socias e Socios e do Padroado, pois doutra forma se multiplicarían os anos con eleccións.

O mandato dos representantes actuais será prorrogado un ano, correspondendo proceder á renovación dos cargos actuais, por metades nas Asembleas de Socios e Socias de maio de 2022 (a quen tiñan que renovarse no 2021), e na de maio de 2024 (a quen tiñan que renovarse no 2023). adiar o proceso electoral até a Asemblea de Socios e Socias de maio de 2022.

As persoas socias representantes na Asemblea Xeral do Padroado elixidos no 2017, quen prorrogan o seu mandato até maio do 2022 son:

- D María del Carmen Alborés Maceiras
- D^a. Esperanza Delgado Rosende (vogal representante no CG)
- D. Xoán Xosé Molina Vázquez
- D. Fernando Pintos García
- D.Luís Martul Tobío

As persoas socias representantes na Asemblea Xeral do Padroado elixidos no 2019, quen prorrogan o seu mandato até maio do 2024 son:

- D^a. María José Bóveda Fernández
- D Xulio Pardellas de Blas (vogal representante no CG)
- D. Anxo Regueiro López
- D. Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez
- D. José Zambrano Casas

Tamén se prorroga no prazo dun ano o cargo de representación de socios e socias no Consello de Goberno da Asociación.

3. INFORME DO CONSELLO DE GOBERNO.

D. Justo Beramendi González, presidente da Asociación e do Consello de Goberno, consonte coas súas obrigas específicas, comparece ante os socios e socias para presentar o informe enumerando o desenvolvemento da súa actividade no período transcorrido dende a Asemblea de xullo de 2020:

a) Impacto da pandemia sobre o funcionamento do Padroado e do Museo.

O impacto sobre o museo, foi e aínda segue a ser considerable, aínda cando fomos quen de manter o Museo aberto dende o mes de xuño do ano pasado.

Celebráronse 5 consellos de goberno presenciais con asistencia telemática dalgún dos seus membros (os días 10 de setembro, 17 de novembro, 21 de xaneiro, 24 de marzo e 5 de maio), e un de forma virtual o 28 de xaneiro. Tamén houbo 4 reunións virtuais da Comisión Permanente, para resolver aqueles asuntos urxentes que o requirían os días 25-26 xaneiro, 2-3 febreiro, 9 febreiro e 22-23 febreiro. A Asemblea do Padroado do mes de decembro tivo lugar, como é habitual o 19 de decembro.

Tamén afectou ao calendario electoral para nomear representantes das persoas socias, como se tratou no punto anterior, así como ao calendario de elección aos órganos de goberno da nosa Asociación, pola existencia de facto dun problema á hora de poñer en marcha o proceso electoral a órganos do Padroado no 2021.

Os estatutos da Asociación vixentes recollen que corresponde á Asemblea Xeral a designación das persoas titulares de Presidencia e Vicepresidencias (art.30), Secretaría e Tesouraría (art. 33), e Vogalías do Consello de Goberno (art.25), que terán un período de duración de catro anos. Así mesmo o Regulamento de Réxime Interno da Asociación (art.1) dispón que cando estatutariamente proceda, o Consello de Goberno convocará eleccións para a renovación dos cargos da Presidencia, Secretaría, Tesouraría e Consello de Goberno. A tal efecto remitirá a quen pertencen ao Padroado na primeira decena do mes de abril a convocatoria electoral, que incluírá o calendario electoral, a normativa de aplicación, a relación de cargos que se deben cubrir e a lista de elixibles.

Esta previsión viuse afectada polo atraso na tramitación administrativa dos Estatutos e na entrada en vigor dos mesmos, o que motivou que as primeiras eleccións, conforme ao previsto na disposición transitoria primeira, se celebraron no mes de decembro de 2017, a primeira Asemblea Xeral celebrada despois da entrada en vigor. Por este motivo se ben os órganos non cumpriran o prazo de catro anos no mes de maio de 2021 senón no mes de decembro do mesmo ano.

Ao non dispoñer dunha norma transitoria para este desfase, preséntase un dilema, pois de facermos eleccións en maio de 2021, momento previsto en situación de normalidade aínda non se cumpriu o período de catro anos, e se as facemos no vindeiro mes de decembro se nos presentaría o mesmo problema dentro de catro anos.

Por este motivo, consideramos dúas opcións:

- Convocar eleccións para maio de 2021, polo que acurtaríamos o mandato, sen falar previamente coa Asemblea soberana.
- Falar coa asemblea en maio e que decida se facemos a elección en decembro previndo cara o futuro regularizar a situación cara o 2025, ou se a facemos en maio, alongando o mandato do CG actual en seis meses, co que regularizaríamos o asunto o vindeiro ano.

Despois dunha rolda de intervencións, optouse por presentar na Asemblea do Padroado do vindeiro 29 de maio, a proposta de facer as eleccións en decembro de 2021 ou en maio de 2022, para que opte polo que estime máis oportuno, máxime cando a continuidade das restricións derivadas da pandemia, dificultan a celebración da Asemblea en condicións de normalidade.

Sobre o funcionamento do museo o que máis impacto tivo foi o primeiro estado de alarma que obrigou a pechar e poñer ao persoal nun ERTE. Logo da reapertura ao fin do primeiro estado de alarma, as restricións decretadas pola Xunta obrigaron a volver pechar o Museo entre o 27 de xaneiro e o 17 de febreiro de 2021, pero desta vez o Consello de Goberno acordou, pola brevidade do prazo, non solicitar

un ERTE e manter a todo o persoal nos seus postos. O de vixilancia e atención en salas aceptou empregar a súa xornada en axudar en traballos de limpeza a fondo das vitrinas e salas do Museo.

b) Ala sur.

No proceso de reforma e musealización dos novos espazos na ala sur, destaca en primeiro lugar o atraso na entrega dos espazos para comezar coa montaxe. A previsión inicial de entrega en xaneiro deste ano resultaba imprescindible para poder comezar a traballar na montaxe das novas salas, en canto precisabamos baleirar o material gardado durante as obras no Salón Real e no Salón de Rexedores aos almacéns da ala sur. Esta previsión superouse con creces.

O 1 de marzo, presentouse á prensa a reforma da Ala Sur, coa presenza do presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, alcalde de Santiago e presidente do Consorcio da cidade, D. Xosé A. Sánchez Bugallo; o presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijoo; o delegado do Goberno en Galicia, D. Javier Losada de Azpiazu; o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade e vicepresidente segundo do Consello de Administración do Consorcio de Santiago, D. Román Rodríguez González; o secretario xeral de Cultura, D. Anxo Lorenzo Suárez; a concelleira responsable de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade do Concello de Santiago, D^a. Mercedes Rosón Ferreiro; e a xerente do Consorcio de Santiago, Belén Hernández Lafuente. Nesta presentación pública a arquitecta directora, Idoia Camiruaga Oses fixo un percorrido polas obras, pero as obras non estaban totalmente rematadas nese momento e tampouco tiñamos acceso libre ás mesmas.

A entrega real da ala sur ao Concello foi en abril, pero nos seguimos sen acceso, até o día 12 do mesmo en que, despois das nosas protestas, recibimos as chaves de forma oficiosa, o que nos permitiu acceder e comezar algúns traballos con restricións. Este atraso ten importantes consecuencias na planificación para instalar as novas salas, e dificulta o cumprimento do calendario de instalación e inauguración das primeiras salas de historia. O director informará con detalle da situación actual no seu informe.

Ademais o concello de Santiago de Compostela considerou que fai falla realizar un novo acordo de entrega específico para a ala sur do Convento de San Domingos de Bonaval. Nos acordos orixinais do concello ao padroado no 1977 establecían que se cedían ao Padroado aqueles espazos do conxunto, agás a igrexa, que non estivesen ocupados por servizos municipais, e que cando estes deixaran de ocupalos pasarían a disposición do MPG automaticamente. Cando entramos no 1977 estaban aquí o cuartel de bombeiros, as aulas do PPO, o Museo Municipal, o Arquivo Histórico Municipal, o local de ensaios da Banda Municipal, e había espazos cedidos ao grupo de teatro Ditea e a un colexio de monxas para nenos e nenas. Conforme foron marchando puidemos ocupar eses espazos coa instalación de almacéns no baixocuberta, ou a rehabilitación e instalación na planta baixa de salas do Museo. De todas formas, e ante a decisión do Concello, fixemos a solicitude correspondente, e agardamos se plasme nun acordo de cesión no pleno do Concello da vindeira semana.

En segundo lugar destaca que na realización da obra se observan aspectos positivos e negativos. En canto aos positivos, a reforma incorpora novos espazos, rehabilitados e equipados, que incrementan o espazo dispoñible para exposicións e para prestar outros servizos no Museo. En canto aos negativos destaca que non se eliminou una escaleira interior no espazo que ocupaba o Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia, hoxe innecesaria e que ocupa o espazo dificultando a circulación nesa sala, ou a non restauración das fachadas da igrexa e o convento, o que causa un problema na visión do conxunto do convento, segundo nos informaron por resultar esgotados os fondos dispoñibles malia o aumento no orzamento inicialmente previsto.

Tamén resulta grave que a reforma non incorporou nos accesos exteriores, que se realizan con tramos de escaleiras, un sistema de acceso habilitado para persoas con diversidade funcional, o que para nos resulta inasumible, máxime por tratarse dun edificio aberto ao público, e o ascensor instalado non está operativo ao non ter conectada unha liña telefónica para o dispositivo de emerxencias.

Por último, a deficiencia máis importante para nos é a deficiente comunicación entre o primeiro andar da ala sur e o claustro alto, o que causa un problema na circulación das salas de historia, que inicialmente comezan no Salón Real e Salón de Rexedores coas salas de medio natural, prehistoria,

Galicia romana, reino suevo e época visigótica, e pasan á Ala Sur onde estarán as salas de época medieval, moderna, contemporánea e Galiza actual. Para poder facelo é necesaria unha conexión fluída, que a día de hoxe se reduce a unha porta de seguridade demasiado estreita, e que non pode ancharse, segundo a arquitecta, por ser un elemento do edificio histórico.

A outra posibilidade para resolver a comunicación é repoñer o paso directo que había por riba da escaleira principal do edificio conventual, acceso que foi eliminado non sabemos cando nin por que, e que nos permitiría unha comunicación folgada e cómoda entre as dúas zonas. Esta é a solución aprobada polo consello de Goberno, o que implica xirar 180º o proxecto museográfico orixinal desas salas, pensado para un recorrido que necesariamente ten que cambiar ao cambiar o punto de acceso a estes espazos. Agora estamos estudando como poder executar esta reforma, cos requisitos derivados de actuarmos nun edificio protexido.

Outros usos dos novos espazos inclúen os destinados a exposicións temporais, salas de reserva de fondos visitables, e salas de reunións con servizos para a retransmisión a través das redes sociais. Por último acordouse trasladar á ala sur os despachos do Consello de Goberno, Dirección do Museo, e os departamentos e servizos de Administración, Educación e Acción Cultural, Coleccións, Exposicións, APOI, IEI e Mantemento, do seu emprazamento actual no edificio conventual, agás os de Biblioteca e Arquivo. Este cambio permite resolver un problema que temos no edificio polas acumulacións de radon onde agora se atopan despachos e oficinas. Esta concentración é moi alta xa que a tripla escaleira helicoidal de Andrade actúa de tiro e fai que suba o aire co radon que tende a concentrarse polo seu peso nos niveis inferiores. O traslado do persoal resolverá este problema.

En canto ao financiamento das novas salas, o custo total estímase entre 1.000.000 e 1.200.000 euros. A Xunta de Galicia achegou de forma extraordinaria 200.000,00 € en 2020 e 200.000,00 € en 2021. Con eses cartos puidemos adquirir os 10 equipamentos audiovisuais (xa adquiridos), facer os vídeos de todas as e podemos garantir a museografía completa das salas que van no lado oeste do primeiro andar do edificio conventual. Malia os retrasos indicados esperamos poder inauguralas no verán, a ser posible coincidindo cos fastos centrais do Xacobeo.

O resto do financiamento deberá ser buscado por nos, pero as xestións coas Deputacións de momento resultaron insuficientes. Ate agora deron os seguintes froitos, aínda non confirmados pero case seguros, a Deputación da Coruña achegará 150.000 euros, e a Deputación de Lugo 15.000 euros. Coas deputacións de Ourense e Pontevedra nos atopamos en punto morto, aínda non puidemos presentarles o noso proxecto, e agardamos poder retornar os contactos suspendidos polas restricións derivadas da pandemia. Con cartos comprometidos a día de hoxe poderemos instalar a sala de historia medieval, que se inauguraría no último trimestre deste ano ou primeiro do próximo, e adiantar algunhas partidas menores das outras, que terán que agardar a conseguir achegas adicionais nos vindeiros exercicios. O director do Museo explicará no seu informe o estados dos traballos correspondentes.

c) Lei de Museos.

Acerca do anteprojecto de Lei de Museos e outros Centros Museísticos de Galicia enviamos escrito ao presidente do Parlamento de Galicia para que trasladara aos distintos grupos do Parlamento de Galicia a nosa solicitude de incluír na redacción final unha referencia expresa á continuidade do recoñecemento do Museo do Pobo Galego como centro sintetizador dos museos e coleccións antropolóxicas de Galicia.

Grazas ás xestións realizadas cos tres partidos representados no Parlamento de Galicia, na sesión da Ponencia celebrada o 7 de xaneiro, aprobaron unha emenda transaccional pola que incorporaron na Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia (DOGA nº 28, do 25 de febreiro de 2021) a disposición adicional quinta. Museo do Pobo Galego: "A administración autonómica promoverá as actividades científicas e culturais do Museo do Pobo Galego como centro sintetizador dos museos e coleccións antropolóxicas de Galicia, establecido polo Decreto 11/1993, do 22 de maio". Recolle explicitamente a continuidade do recoñecemento do Museo do Pobo Galego que figura inicialmente no Decreto 111/1993, do 22 de maio da Consellería de Cultura e Xuventude (DOGA nº 102, de 1 de xuño de 1993).

d) Fundación Antonio Fraguas Fraguas

O presidente cede a palabra ao secretario para que informe das actividades realizadas pola Fundación. Destaca en primeiro lugar que a actividade da Fundación resultou moi afectada pola pandemia e as restricións aplicables.

No exercicio 2020 correspondía iniciar a XII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas, pero nun padroado virtual acordouse suspendelo en canto non podía levarse a cabo nos centros educativos. O financiamento para actividades da Fundación estaba previsto co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, mediante un convenio que estaba para asinar, pero a imposibilidade de cumprir coas nosas obrigas, abriu un proceso de negociación para establecer outras actividades virtuais nas escolas que tampouco puidemos realizar. Ante a previsión de continuidade das mesmas restricións, acordouse adiar a convocatoria da nova edición do Proxecto Didáctico para o bienio 2022-2023.

Por estes motivos a actividade da Fundación centrouse na edición de obra de D. Antonio, con dous proxectos coordinados polo secretario da Fundación.

O primeiro foi a o libro *Os animais de Fraguas*, a partir dun inédito de D. Antonio atopado pola patroa e responsable da biblioteca D^a. Rosa Méndez, a Fundación e o Museo do Pobo coeditaron un libro que conta coas ilustracións de Miguelanxo Prado e a edición artística de Kiko da Silva. Foi posto a venda cun prezo en librarías de 18,00 € e, como se comunicou no seu momento, pode ser adquirido por socios e socias do Museo do Pobo Galego nas nosas instalacións cun prezo reducido de 10,00 Euros. Contou para a edición co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Está agora en fase de maquetación a obra *Na memoria dos veciños. Dispersos de Antonio Fraguas Fraguas sobre as terras de Cotobade*. Agardamos acadar financiamento e poder editalo ao longo do 2021.

Continuouse colaborando dende a Fundación co programa Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

e) Informe de situación económica.

O presidente cede a palabra ao tesoureiro para que presente o informe da situación económica da nosa Asociación, tanto no peche do orzamento do 2020, que está agora liquidado e pendente de aprobación na vindeira Asemblea do Padroado, como na marcha do orzamento do exercicio 2021 en vigor.

Peche do exercicio 2020:

O 2020 foi un ano duro polas restricións derivadas da pandemia, pero a situación económica foi boa, dentro das limitacións que sempre ten o noso pequeno orzamento para o tamaño do Museo e as actividades realizadas. O pasado día 5 o Consello de Goberno aprobou as contas do 2020, un ano moi raro con relación ao habitual no museo. O exercicio pechou cun excedente de 2.549,56 €.

No apartado de ingresos acadouse a cantidade de 549.717,53 € cunha caída relevante en comparación ao 2019, pola baixa dos ingresos por vendas de entradas e algún outro.

As achegas dos socios e socias mantéñense a alza acadando 74.253,00 €, o que supón medrar 2.190,00 €, aínda cando inicialmente tiñamos dúbidas de como afectaría a pandemia e os seus efectos na situación económica das persoas que nos apoiades. A desagregación é a seguinte:

72100000	COTAS SOCIOS	47.350,00
72130000	COTAS CONCELLOS	2.300,00
72140000	COTAS PATROCINADORES	6.000,00
72150000	COTAS S. INFANTÍS	903,00
72160000	COTAS SOCIOS PROTECTORES	17.700,00

No apartado de vendas de entradas a situación reflíctese no seguinte cadro:

	2020	2019
Vendas e outros ingresos da actividade mercantil	19.454,55	52.192,80
70000002 ENTRADAS ORDINARIAS	14.923,00	39.129,00
70000003 ENTRADAS GRUPO	571,50	2.043,00
70000004 ENTRADAS REDUCIDAS 1€	2.997,50	7.624,00
70000007 GRUPOS CON FACTURA	342,55	3.284,80
70000011 ENTRADAS ACTIVIDADES	620,00	0
70000013 VIAJES INTERRIAS	0	112,00

Pode apreciarse a importante caída das vendas de entradas, máis relevante aínda se excluímos o mes de agosto onde excepcionalmente se ingresaron 7.017,20 €.

Xa están xustificadas todas as axudas do ano 2020. Destaca a rapidez na tramitación e pago das achegas recibidas da Xunta de Galicia nese período o que eliminou tensións de tesourería e permitiu realizar os pagos aos nosos provedores a mes vencido.

Na partida de gastos, houbo unha redución xeral pola menor actividade. O máis relevante foi a baixados gastos de persoal en 46.059.98 € polo tempo que o museo estivo en ERTE, o que permitiu pechar o ano cos gastos equilibrados.

Execución do orzamento 2021.

Aprobado na asemblea do padroado de decembro de 2020 acada a cantidade de 805.375,00 €.

INGRESOS	
Padroado	90.515,00 €
Cotas patróns individuais	10.326,00 €
Cotas patróns institucionais	80.189,00 €
Xunta de Galicia	531.800,00 €
Concello de Santiago	30.000,00 €
Cotas de socios	73.060,00 €
Ingresos da actividade	30.000,00 €
Outros ingresos finalistas	17.000,00 €
Ingresos varios	33.000,00 €
Total ingresos	805.375,00 €

A previsión de ingresos de socias e socios desagregase así:

Cotas de socias e socios	73.060,00 €
Individuais	45.160,00 €
Infantís	750,00 €
Concellos	2.450,00 €
Patrocinadores	6.000,00 €
Protectores	18.700,00 €

En relación aos gastos as principais partidas son:

COMPRAS	3.000,00 €
INVESTIGACIÓN E ACTIVIDADES	60.000,00 €
ARRENDAMENTOS	9.500,00 €
SERVIZOS	54.326,00 €
Reparacións e mantemento	27.700,00 €
Servizos profesionais	11.000,00 €

Transportes	500,00 €
Seguros	1.700,00 €
Publicidade e propaganda	500,00 €
Outros gastos e servizos	12.926,00 €
INVESTIMENTOS	258.500,00 €
PERSOAL	410.049,00 €
OUTRAS ENTIDADES	2.000,00 €
FINANCIAMENTO	8.000,00 €
Total Gastos	805.375,00 €

Hai que destacar o investimento nas novas salas con un orzamento de 204.000,00 €, grazas á achega da Xunta de Galicia para tal fin.

En relación ao que vai de ano 2021 dicir que o elemento máis afectado pola situación segue sendo a venda de entradas. No que vai de ano ten unha caída importante. Aínda que hai un incremento paulatino da recadación nestes catro últimos meses, os ingresos ata abril suman só 2.733,50 €, o que supón o 5,22 % sobre o recadado en 2018 cando o normal sería que supuxera o 23,5 % do ingreso anual por entradas. Agardemos que no que queda de ano melloren moito estes ingresos para evitar problemas na nosa tesouraría.

Polo demais a xestión ordinaria transcorre dentro do habitual: foi asinado o convenio anual coa Xunta de Galicia, foron tramitadas as solicitudes de axuda ao Concello de Santiago, a de actividades á Deputación de A Coruña, as da MICE á Deputación de A Coruña e ao AGADIC

f) Instituto de Estudos das Identidades.

A información das actividades do IEI será presentada polo director do Museo no seu informe.

O presidente cede a palabra a D^a. Concha Losada Vázquez, coordinadora do APOI para que informe das actividades realizadas (anexo 1).

Destaca que están incorporadas ao noso fondo dixital todas as pezas e todos os fondos achegados polos doadores, mesmo aínda que non todas están na redes dispoñibles. Na colección *A nosa tradición oral* poden consultarse as gravacións orixinais das entrevistas feitas por rapaces e rapazas por toda Galicia nos institutos.

Aumentaron as cesións de fondos para artistas que veñen consultar o APOI e que son base de novas pezas musicais e vídeos. Cumprimos así o propósito de gardar fondos para crear. Houbo moito incremento das consultas ao longo do último ano, superando as 5.000 descargas, nun ano no que baixaron moito as actividades escolares por mor da pandemia, agardamos que cando a situación se normalice e poida regresar actividades de canto e baile de forma colectiva terán maior incidencia.

Rematada a presentación do informe, ábrese unha quenda de intervencións.

D^a. Bríxida Pino Lestao, di que cando escoitaba o informe de tesourería, sendo como é presidenta da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Burela, e presidenta da Comisión de Veciños, e xa que agora teñen unha situación económica boa, pregunta se cabe a posibilidade de que unha institución pode facerse socia cunha achega anual, e se nese caso poderían facer unha visita como grupo ao museo. Entende que desta forma poderíamos aumentar a nosa masa social, e ademais aumentar o número de visitantes, o que contribuiría a normalizar a situación actual.

O tesoureiro responde que non hai ningún problema para facelo. As entidades poden facerse socias institucionais o que lles daría dereito a unha visita ao Museo con entrada gratuíta para o grupo, previa reserva para garantir as limitacións de aforo existentes. Á marxe deste feito, o Museo sempre está

aberto á visita de calquera colectivo ou entidade interesada, mesmo sen ser socios, se ben neste caso deberán pagar entrada reducida como grupo, só se necesitaría facelo saber por anticipado para poder programar a visita, e no seu caso poder atendelos.

Rematadas as intervencións, pasamos ao seguinte punto na orde do día.

4. INFORME DA DIRECCIÓN DO MUSEO.

Toma a palabra o director do Museo quen lembrando que en situacións anteriores xa estivo nesta tribuna como representante de socios e socias, se ben agora lle corresponde intervir noutro rol como novo director do museo procede a presentar de forma resumida o informe de xestión da Dirección (anexo 1).

Apunta que coa reforma da ala sur gañamos espazo, pero non o suficiente. Entende que é unha obra moi interesante non só para o Museo senón para Compostela e para o patrimonio galego.

En canto ás exposicións manifesta que temos moitas solicitudes de espazos para realizar exposicións incluso de institucións, e que se ben non pretende negar espazo para outras exposicións de acollida, ten como prioridade facer exposicións propias que permitan mostrar os nosos fondos e destacar o papel de socios e socias como doadores de fondos para o museo. Nesta liña destaca que grazas a exposición de carteis do Día das Mulleres, houbo quen achegaron fondos desta temática.

A evolución do concepto de museo non afecta, na súa idea, á necesidade dunha colección propia para poder falarmos dun museo. A dificultade para gardar fondos, é maior para nos grazas á presenza de doadores que nos achegan fondos de interese, mesmo por riba de que en momentos non podemos aceptalos. A filosofía do noso Museo é que socios e socias sodes quen o mostrades, e debemos gardar no posible os fondos que nos achegades.

Fixemos o cambio de bases de datos, o que obrigou a adaptar o programa ao galego. A importancia do fondo de imaxes que dispoñemos, para o que precisaríamos máis fondos para dixitalizalo e poñelo a disposición das persoas interesadas, aumentou con achegas de carteis do movemento político cultural e festivo en Galicia.

Outro obxectivo é reforzar a publicación de obras, e na medida do posible retomar coleccións que estaban paradas como a colección de manuais, do que editaron un e está previsto outro máis para este ano.

Estima fundamental a presenza do museo nas redes e fai unha demostración dos novos instrumentos para a aceso así como da campaña para asociarse que se fará en facebook

Non habendo máis intervencións, pásase ao seguinte punto da orde do día.

5. INFORME DA OFICINA DE SOCIAS E SOCIOS

D. Anxo Regueiro López, representante das socios e socias no Padroado, informa das actividades realizadas pola Oficina de Socias e Socios dende xullo de 2020 ao día de hoxe, destacando as dificultades que tiveron á hora de organizalas por mor desta pandemia. Por este motivo distintas actividades previstas tiveron que ser adiados, outros foron suspendidos á espera de poder realizalos cando melloren as condicións.

Entre as actividades destacan:

- Continúan coa dixitalización das fotografías das distintas mostras realizadas de Entreamigos.
- Presentación do libro Espazos de Rosalía en Compostela
- Están montando a edición actual da exposición de fotografía etnográfica Entreamigos, con obras de socios e socias do Museo. Agardan poder inaugurala no vindeiro mes de xuño.
- Agardan poder retomar os Roteiros, un a facer en Compostela, en canto é máis sinxelo cumprir cos requisitos sanitarios ao non precisar desprazarse.

Na medida en que poidan reunirse seguro que xurdirán máis ideas e propostas para atender ao espírito desta Oficina e deste Museo.

6. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS

D^a. Encarna Otero Cepeda, neste momento en que o Consello da Cultura Galega está a traballar no material de Mathilda Ruth Anderson que deu base ao libro publicado pola Hispanic Society of America, quere propoñer que o MPG manifieste ao Consello o interese en que este libro sexa editado en galego, en canto é unha crónica moi ben feita e escrita por ela da viaxe que fixo por Galicia na década de 1920. O presidente fará esta xestión.

O presidente do Padroado agradece aos presentes a súa asistencia e, agardando que o ano vindeiro a situación sexa máis normal que as celebradas o ano anterior e este.

Non habendo máis asuntos, levántase a sesión sendo as 13:05 horas, de todo o que como Secretario dou fe.

Rematada a sesión, procédese á IMPOSICIÓN DA INSIGNIA DE PRATA DO MUSEO A SOCIOS E SOCIAS CON 25 ANOS DE ANTIGÜIDADE na institución.

Reciben a insignia, por cumpriren con tal condición:

Número Apelidos e nome:

1204 ROZADOS GOMEZ, JOSE ANGEL
1205 OTERO FERNANDEZ, ERNESTO DAVI
1206 GARCIA FREIJO, DOLORES
1207 SIXIREI PAREDES, CARLOS
1209 GARCIA PORTABALES, MAITE
1210 ABEIJON NUÑEZ, FRANCISCO
1214 FRA MOLINERO, EDUARDO
1216 IGLESIAS SACO, PEDRO
1220 BLANCO PRADO, JOSE MANUEL
1223 FERNANDEZ MONTESERIN, HELENA
1225 MORGADE MARTINEZ, XOSE CARLOS
1226 OTERO CAMPOS, JESUS, E.
1231 LABARTA CARREÑO, CESAR
1232 ESTEVEZ ZARATEGUI, JOAQUIN
1233 CABARCOS BERMUDEZ, MARIA ISABE
1235 DIEZ BAAMONDE, ARSENIO
1237 CORUJO PEREIRO, JOSE LUIS
1238 LOPEZ FERRADANS, CARLOS
1239 REAL GUDE, MANUEL
1240 FILGUEIRAS REY, ANA ISABEL
1241 REY RODRIGUEZ, MARTIN ALBINO
1243 TUBIO FACHADO, LUZ
1245 TUBIO FERNANDEZ, XOAN MANUEL
1246 RODRIGUEZ SALVADO, PABLO
1248 SUAREZ REGUEIRO, MARIA JESUS
1249 VEIGA GARCIA, FRANCISCO MANUEL
1254 CAMPOS MENDEZ, XOSE M.
1255 PEREZ MASCATO, MARIA JOSE
1258 PAMPIM RUA, JESUS CARLOS
1259 DOMINGUEZ GIGIREY, ANA MARIA
1264 CERRATO ALVAREZ, ANGEL

1265 ASOC. ESC. LINGUA GALEGA
1273 PINO LESTAO, BRIXIDA
1274 CAL VÁZQUEZ, ANTÍA
1277 GARCIA LAUDA, OLALLA TAMARA
1278 FERNANDEZ CONDE, XABIER
1279 CARUNCHO DIAZ, FRANCISCO XAVIE
1284 CEBRAL RODRIGUEZ, JUAN JOSE
1287 CELEIRO ALVAREZ, LUIS
1288 POUSA ESTEVEZ, XOSE RAMON
1289 VEGA CERQUEIRO, MARIA DE LAS M
1290 PEREZ LOPEZ, MARIA DEL PILAR
1291 VAAMONDE BALADO, MERCEDES
1295 CESAR VILA, MARIO

Vº e praxe, o presidente,

Justo Beramendi González

Fco. Javier Sanjiao Otero

ANEXO 1: INFORME DE ACTIVIDADE DO APOI

En canto á actividade do APOI até o momento actual cabe destacar as seguintes:

- Rexistros e catalogación:
 - Imos no número de rexistro #607 no apoi on-line entre pezas publicadas e baixo revisión
 - Realizáronse traballos de actualización e mellora en tres rexistros do APOI online correspondentes a recollidas que versan sobre as romarías de mouros e cristiáns en Galicia. Estas intervencións realizáronse a petición e baixo supervisión do propio compilador, neste caso Xosé Manuel González Reboredo, e consistiron na incorporación a ditos rexistros de información gráfica, bibliográfica e musical actualizada.
 - Completouse o proceso de elaboración da base de datos dos 3970 cortes da colección e do renomeado das pezas editadas que agora pode presentarse aos investigadores con todos os metadatos de que dispoñemos asociados e enlazados aos arquivos de son .
 - Levamos a cabo o procesamento dos arquivos de son para adaptalos aos formatos de son (reedición en .wav e .mp3) máis axeitados para o seu tratamento e publicación nun futuro.
 - Revisión e actualización da base de datos da colección de Mero (12.227 arquivos de son existentes foron renomeados e enlazados xunto a outros metadatos -partituras, letras, fichas dos informantes- nun mesmo documento para contribuír á eficacia da súa consulta; da colección Mato completouse a base de datos de toda a colección e agora pode presentarse aos investigadores con todos os metadatos de que dispoñemos asociados e enlazados aos seus 1017 arquivos de son; da de Xosé Luís Rivas “Mini” (855 arquivos de son).
 - Dentro da colección Santos Villaverde, que comprende as recollas realizados polos etnógrafos Iago Santos e Xosé Carlos Villaverde sobre os traballos tradicionais do mar e o agro e a vida na comarca do Morrazo, contamos cunha serie de entrevistas realizadas por Iago Santos sobre a Guerra Civil e as súas consecuencias na vila de Cangas.
 - Fíxose a dixitalización, edición e transcrición de entrevista que Justo Beramendi realizou a don Xaquín Lorenzo e que se vai editar nun libro sobre o primeiro presidente do Padroado coa axuda do Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
 - Para o mesmo libro transcribíronse dúas cintas de entrevistas a D. Xaquín realizadas por Dorothé Schubarth e localizadas no seu arquivo, así como a edición dixital das partituras realizadas por Dorothé Schubarth para incorporalas ao texto.
- Consultas e cesión de fondos non publicados:
 - Mencionamos só algúns nomes para mostrar as varias consultas que o APOI ten:
 - Punto e volta consultan arquivo Schubarth-Santamarina do APOI con vistas a documentar o filme Dorothé na vila na busca de datos musicais, fotográficos e biográficos.
 - arquivo Schubarth-Santamarina tivo consultas de Agustín Sánchez, mestre de música, Oscar Antolí, Maca Rodríguez.
 - arquivo de Gustav Henningsen. Ernesto Sánchez, que, desde o CDG, investiga nos fondos de Henningsen como documentación para desenvolvemento dun texto teatral; e Atocha, investigadora de A Coruña, solicita escoitar arquivos.
 - Outras consultas son relativas a temas de investigación filolóxica (Daniel Fernandez, Ramón Varela); Anxo Rodríguez Lemos, pediu a partitura da danza da Franqueira para incorporar a súa tese de doutoramento, dado que se trata dun inédito de autoría de Luís Costa Vázquez; Celia Parra solicitou o uso dos vídeos do APOI para unha videocreación artística; Lucía Santiago a consulta e petición de arquivos sobre Valga; Lois Ladra buscou materiais relacionados co concello do Corgo; Faia Díaz Novo buscou materiais como base para o seu traballo como creadora.
 - A isto hai que sumar as varias consultas feitas na rede.
- Participación en congresos e outras actividades de difusión do APOI
 - Setembro 22. Entrevista para dar a coñecer o apoi en NOS TV.
 - Novembro 27. Participación no curso Patrimonio inmaterial: coñecemento, divulgación e posta en valor, organizado por AGANTRO, coa comunicación “O Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do Museo do Pobo Galego”.
 - Marzo 13. Visita o apoi acompañado de Faia un investigador catalán do folclore tradicional aproveitando que estaba a rodar en Galicia un documental sobre a nosa música. Esta artista usou nun concerto temas previamente estudados no noso arquivo.

- Outras actividades
 - Iniciado en xullo de 2020 o proceso de actualización do APOI ata o e-prints mais recente. Completado e posto en servizo en setembro de 2020.
 - Proposta de estudo de acomodación da base aos requisitos de Europea (Galiciana). Encárgase do traballo Iñaki Prego, de SIXTEMA. Actualmente en preparación.
 - 2021. Convenio prácticas. Universidad de Oviedo
 - 12-2-2021. Colaboración coa Asociación Cultural A Pinguela de Bama. Nun principio tiña prevista a participación nunha mesa redonda, pero logo quedou nunha visita guiada ao APOI e a elaboración dun documento para guía nas recollas de música.
 - 25 febreiro 2021 Colaboración co programa Luar da CRTVG. Seleccionamos cantos de berce da colección Schubarth Santamarina que foron emitidos e comentados no programa polo noso compilador e donante do APOI, Pablo Carpintero.

ANEXO 2:. INFORME DE DIRECCIÓN PARA A ASEMBLEA DE SOCIOS E SOCIAS DO MUSEO DO POBO GALEGO DO 5 DE MAIO DE 2021.

Como xa temos comentado na asemblea do ano pasado que estes son tempos raros e incertos, especialmente debido á pandemia do covid. A isto hai que engadir a cuestión da ampliación do Museo, as novas salas e as obras. Cando menos este ano temos a asemblea na súa data do mes de maio e non a tivemos que adiala no tempo, como así se tivo que facer no ano pasado; tampouco fomos a un ERTE como ocorreu no ano 2020, mais si tivemos pechados do 27 de xaneiro ao 17 de febreiro. Aproveitouse o peche para facer unha limpeza a fondo das salas. Todos estes temas inciden no calendario de actividades de Museo. Esta volve ser unha memoria anormal, xa que non vai de maio a maio, senón de xullo a maio.

1. NOVAS SALAS E ALA SUR

A Xunta de Galicia dividiu a achega económica para as novas salas en dúas anualidades, polo que tivemos que investir o ano pasado a cantidade de 200.000 € en diversas partidas. Así, realizamos os oito documentais/vídeos que van nas salas, restauramos as pezas arqueolóxicas que imos expoñer e que pertencen aos nosos fondos, fixemos dúas reproducións e deseñamos a gráfica da parte que vai no Salón Real e de Rexedores (Medio ambiente e da Prehistoria ao mundo suevo).

A día de hoxe estamos preparando o Salón Real e de Rexedores para a instalación da museografía referente aos primeiros módulos. A realización desta museografía foi outorgada á empresa INTEGA despois de solicitar tres orzamentos e concedido por ser o máis conveniente aos nosos intereses.

Ala Sur

O luns 29 de marzo, xunto co Tesoureiro Lino Lema, mantivemos unha xuntanza no Concello coa concelleira de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica, Mercedes Rosón, na que estiveron tamén presentes a xerente do Consorcio, Belén Hernández, e a arquitecta Idoia Camiruaga, para falar da cesión da Ala Sur. A Concelleira explicounos que se está a tratar co equipo xurídico como formular o documento de cesión.

Nós, despois de agradecer a restauración do edificio dicindo que é unha obra que non só é beneficiosa para o Museo, senón que tamén é moi positiva para a cidade de Santiago de Compostela, expuxemos as carencias que víamos antes de recepcionala, como a falta de conexión telefónica que leva a que non se poida utilizar de momento o ascensor, o acceso exterior para persoas con mobilidade reducida, a comunicación entre a Sala de Pintura e o lateral oeste, a auga que bota pola escaleira real cando chove ou o goteo do sistema de climatización.

O Consorcio quedou en mirar o da pasarela de acceso exterior e, en conversa coa Xerente o pasado mércores 28 de abril, díxome que xa estaba proxectada e orzamentada. O de ampliar a porta entre a Sala de Pintura e o lateral oeste, para facilitar o acceso desde a parte conventual e non alterar a circulación como a temos deseñada no proxecto, a arquitecta mantén que era muro da fachada que daba ao adro e que non se pode facer, ademais que Patrimonio non o permitiría. En canto á pasarela sobre a escaleira real ofrecéronse a colaborar, propoñendo ir conxuntamente a falar coa empresa FINSA.

Salón Real e Sala de Rexedores

En estes dous espazos está proxectado o inicio do percorrido polas novas salas. No Salón Real desde antes da miña incorporación á dirección (xullo 2019) estaba sendo utilizado como sala de reserva dos fondos que se viñan gardando no baixo cuberta da ala sur e que houbo que baleirar para poder comezar as obras de restauración.

O luns día 12 de abril a concelleira Mercedes Rosón entregoume as chaves da Ala Sur. Grazas a isto puidemos trasladar os fondos que estaban depositados no Salón Real, depositándoos temporalmente no lateral leste dese mesmo andar. Este traslado, acordado con Mudanzas Camilo, fíxose entre o 15 e o 19 de abril. Grazas a este traslado podemos comezar as obras de adecuación destes espazos destinados a albergar a parte inicial das Salas de Historia.

2. OBRAS E SERVIZOS

Para poder iniciar as obras no Salón Real e de Rexedores tivemos que desmontar a exposicións *Ons soa* que, despois de falar coa súa comisaria, levaremos ao lateral leste do claustro alto.

As obras que estamos a realizar para adecuar estes espazos consisten na instalación do sistema de climatización, iluminación, pulido do chan, división do espazo en Rexedores e pintura, como paso previo á instalación da museografía. O sistema de climatización xa está instalado e enganchado ao da Ala Sur en funcionamento.

No Auditorio, colocamos novos estores nas xanelas, substituíndo os vellos que estaban en moi mal estado.

3. EXPOSICIÓNS

Distinguímos entre exposicións propias, producidas polo Museo, e exposicións de acollida, producidas por outras institucións. Neste período realizáronse as seguintes exposicións:

Exposicións propias:

- 9 de xuño de 2020 reabrimos *As pequenas cousas* que quedara pechada por mor da pandemia. Esta exposición levouse ao Forum Metropolitano da Coruña, onde quedou aberta ao público o 28 de outubro.
- Neste mesmo día inaugurouse a mostra *A peste, outra vez!*, organizada polo departamento de Biblioteca e con fondos propios. Intentaba dar unha resposta desde os fondos do Museo a un feito de actualidade.
- Pechada a *Peste*, abrimos do 25 de xullo ao 4 de outubro, *Percorrendo Galicia páxina a páxina*, unha escolma das guías e carteis de turismo que sobre Galicia temos na Biblioteca. Esta mostra foi organizada desde o departamento de Biblioteca.
- *Exposición bibliográfica sobre Carvalho Calero*, organizada pola Biblioteca como todos os anos con motivo do Día das Letras que, nesta ocasión, fíxose en outubro coincidindo coa data de nacemento do homenaxeado.
- *Isaac Díaz Pardo. Escolma de obra miúda. Homenaxe no seu centenario*. Exposición organizada pola oficina de socios e socias e con fondos achegados por varios socios e patróns do Museo. Do 5 de novembro de 2020 ao 3 de xaneiro de 2021.
- *8M: Día das Mulleres. Exposición de carteis nas coleccións do Museo*. Abriuse o 11 de marzo e vai estar até o 6 de xuño. Esta mostra exhibe carteis e outros documentos relacionado coa loita das mulleres para saír da invisibilidade do ámbito doméstico e ocupar o espazo público. Ao igual que outras mostras deste tipo, foi posible grazas as doazóns de fondos por parte de socios e socias, neste caso grazas especialmente a Luís Martull e Richard Rivera Armero. Estas doazóns son importantes non só para incrementar os nosos fondos e poder deseñar mostras sobre diversos aspectos do noso vivir social, senón tamén para reforzar o ideario do propio Museo, un museo que se asenta na sociedade, nas socias e socios, xa que son elas e eles os que achegan boa parte dos nosos fondos.
- *Ons soa*. Exposición de etnografía visual de Paula Ballesteros e inaugurada como paso previo á MICE. Abriuse o 23 de marzo de 2021.

Exposicións en acollida:

- Liberdade enmascarada. Exposición de máscaras deseñadas polo colectivo Creativas galegas, do 23 de setembro ao 25 de outubro.
- Facer Camiño. Da Real Academia Galega de Belas Artes, do 6 ao 25 de outubro.
- Mar de libros. Homenaxe á xeración Nós. Obra pictórica de Isabel Pintado. Organizada pola Consellería de Cultura. Do 15 de outubro ao 6 de decembro.
- Cambio de fase. Fotografías de Xoán Crespo. Exposición organizada polo Auditorio de Galicia. Do 13 de xaneiro ao 14 de febreiro, prolongándose unha semana máis.

4. COLECCIÓN

Total rexistros: 14.982, que son 891 ingresos máis desde a última asemblea. Destes 220 son doazóns.

Relación doadores

XOSÉ GARCÍA SANTAMARINA: Piano de Rosa López Comunión e outros obxectos pertencentes a ela e a José Daporta.

IRMÁNS SANTOS CASTROVIEJO: Conxunto de medallas, entre as que destacan unhas condecoracións a Pilar Castroviejo Blanco-Cicerón como enfermeira durante a Guerra Civil.

ESPERANZA LEMA BOUZAS: unha colección de 94 rexistros de olaría, cestaría, uso doméstico, etc.

RICHARD RIVERA ARMERO: obxectos de uso doméstico, apeiros agrícolas, ferramentas de diferentes oficios, indumentaria, roupa da casa, etc. Inclúe tamén unha importante colección de fotografías, algunhas delas do século XIX.

FAMILIA BERMÚDEZ VIRGÓS: dous retratos de familiares da autoría de Mariano Tito Vázquez, de 1902.

FAMILIA ACUÑA CASTROVIEJO: medallas, panos de mans, obxectos de costura, etc.

CIPRIANO JIMÉNEZ CASAS: muíño de café e roda de fiar o liño.

MARGARITA LEDO ANDIÓN: refaixo (novo, reprodución)

INÉS DAPARTE: biso de picote Arquimesa con bargueño

Depósitos

IRMÁNS GARCÍA SANTAMARINA: Dous cadros cos retratos de Rosa López Comunión e José Daporta, da autoría de Francisco López Carballo (fillo de Juan Luis).

Préstamos para exposicións:

Para a exposición *Galicia de Nós a nos*, na Cidade da Cultura, diferentes pezas do Seminario de Estudos Galegos, entre outras.

Para a mostra *Concepción Arenal: a conciencia da razón*, Universidade de Santiago, prestamos un traxe feminino da Belle Epoque.

Programa de xestión da colección

Estase traballando con Novadoc, empresa que leva o programa da Biblioteca, na configuración dun programa que permita a xestión da colección e o acceso á mesma desde internet. Todos os datos da antiga base de Access xa están enforcados no novo programa, mais aínda quedan algunhas cousas por revisar e mellorar. A ficha de acceso desde a futura web do Museo xa está deseñada, quedando pendentes algúns detalles e a tradución ao galego.

Arquivo fotográfico

Segue medrando o noso arquivo fotográfico, nesta ocasión grazas ás achegas de Richard Rivera e dos irmáns Santos Castroviejo, moitas destas fotos son do século XIX, polo que temos xa unha boa colección de fotografía histórica. Precisariamos máis medios para avanzar máis rápido na catalogación e de facer accesible estes fondos na rede. Como houbo que pasar os datos desde a base vella á nova, houbo un tempo no que non se puido usala para catalogar, polo que se aproveitou para subir á rede os fondos dixitalizados de Uxío de la Riva e que se poden consultar as 889 imaxes accedendo desde a Biblioteca ao "arquivo".

5. BIBLIOTECA E ARQUIVO

Amais das tarefas puntuais o traballo diario continúa coa recepción de libros e revistas por doazón ou intercambio con diferentes entidades, clasificación e catalogación do material e a atención ás consultas de particulares (estudantes e investigadores privados), agora adaptados ás normas Covid.

Destacar que seguen entrando doazóns importantes. Compre sinalar a colección de carteis de festa dos anos 80-90 do Patrón X.M. González Reboredo, carteis galegos de temática diversa (política, festas, culturais, sociais, comerciais, etc.) que acadan máis de 700 unidades, procedentes de distintas fontes. Luís Martull, González Reboredo, Richard Rivera, a familia de Benedicto García Villar, entre outros, forneceron esta colección, que suma máis de 2.200 carteis. Grazas a estes fondos podemos facer exposicións como a que agora temos no claustro alto sobre carteis do 8 de marzo. Neste último semestre, e a través Luís Martull, recibimos unha importante colección de carteis procedentes da Casa da Cultura de Allariz.

Con motivo da exposición de carteis do 8 de marzo, recibimos achega de documentación de carácter feminista de Encarna Otero Cepeda, Nanina Santos Castroviejo e Esperanza Delgado.

Outros socios como Santiago Llovo Taboada e Eduardo Otero tamén achegaron fondos bibliográficos.

Monografías:

Total rexistros -----65.000 títulos
Total volumes -----74. 99 volumes

Publicacións periódicas:

Total títulos de revistas (inclúe prensa) -----2689 títulos
Revistas en curso-----108 cabeceiras

O número de consulta en rede, de xaneiro a maio, foi de 3.262 para a biblioteca e 566 para o arquivo.

A Biblioteca tamén colabora e presta materiais a outras institucións para exposicións e outros, como á Cidade da Cultura para exposición Galicia de Nós a Nós, coa Biblioteca Municipal de Verín, a Biblioteca de los Museos Arqueológicos (Xixón). O Marco (Vigo), Museo Massó, Servizo de Reahabilitación y Renovación Urbana (Sevilla), Escola de Música “Play”, así como a reprodución de fondos para a Exposición *Doña Emilia e Compostela* organizada pola USC.

Asemade e en paralelo a exposición sobre o 8 de marzo, fíxose unha visita guiada e comentario á exposición: como actividade complementaria da exposición e en colaboración co Departamento de Antropoloxía da USC, a través das súas profesoras Nieves Herrero e Guadalupe Esquinas, seguido do posterior coloquio dirixido por Encarna Otero. Para esta exposición editouse un catálogo, que se imprimiu na imprenta da Deputación da Coruña, con textos de Nanina Santos Castroviejo e Mercedes Rozas.

Desde onte está no claustro baixo a exposición que se fai todos os anos sobre a persoa homenaxeada no Día das Letras: *Xela Arias Día das Letras Galegas 2021*. Nesta ocasión contouse coa colaboración de Xulio Gil (fotografía) María Tilve e Mercedes Pintos ma achega de fondos, ademais da equipa da Biblioteca.

Actividade nas redes:

Procurando darlle unha maior visibilidade ao Museo e a súa colección presentamos a través de Facebook libros e documentos relacionados co *Entroido*, o *Día da República*, e o *Día do Libro*.

Colaboracións

Colaboraron na biblioteca: Encarna Otero, Mercedes Pintos, María Tilve, Ana Mateos e Mariví Pardo. Na biblioteca e arquivo tamén se monitorizan prácticas do estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela e doutras. O 1 de xullo de 2020 comezou Clara Llanderal Manzano e, neste momento, está Violeta Rodríguez López dun mestrado da UBA.

6. EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

A situación creada polo Covid-19 afectou profundamente ao desenvolvemento das actividades dirixidas especialmente ao público escolar, paralizando as saídas didácticas dos centros escolares, entre elas aos Museos. Así as actividades previstas en casos que adialas e noutros redeseñalas para adaptalas á nova situación. Un exemplo, o obradoiro de *Lupo Construindo con Andrade*, previsto para o primeiro semestre de 2020, tivo que ser adiado e redefinido. Realizouse en xullo e no canto de grupos de escolas fíxose con grupos do Campamento Urbano do Concello de Santiago. Desde o DEAC se fixo un esforzo por manter o contacto coa comunidade escolar aproveitando o potencial didáctico dos fondos da entidade, cunha serie de materiais e actividades a través das TIC e a comunicación dixital. Así deseñáronse actividades como “Saber o mar”, un obradoiro para levar aos propios centros escolares por medio dun educador para traballar temáticas relacionadas coas embarcacións tradicionais, etc, engadindo unha conexión virtual coa sala do mar. Hai outras dúas actividades máis programadas neste estilo que toca outros temas, como pode ser a regueifa.

Entre as actividades realizadas quero salientar as seguintes:

Guía de Recursos para a Estimulación Cognitiva. Co gallo do día dedicado ás persoas doentes de alzhéimer se realizaron dúas sesións o 11 de novembro de formación para profesionais dos coidados das persoas maiores ou con deterioro cognitivo. Estas sesións foron conducidas polas autoras da guía, a traballadora do Deac Carme Campo e a colaboradora Beatriz Rey Mourelle. A guía está accesible na rede.

Vangal 2.0. Ciclo sobre novas propostas de reinterpretacións da tradición. Celebrouse os días 6, 7 e 8 de outubro e consistiu en varios concertos, que se celebraron na igrexa de Bonaval, ao tempo que as artistas que participaron deron tamén unha charla e fixeron unha exposición ou intervención artística, unha tripla intervención. As entradas esgotáronse ao pouco de poñerse á venda.

As artistas que participaron foron Mounqap, Faia, Teresa Ferreiro e Laura Lamontagne, acompañada esta por Picoamperio.

Todas estas actividades se fixeron tendo en conta as medidas sanitarias para facer unha cultura segura.

Charla concerto baixo o título de "O pouso da violencia contra as mulleres no cancionero tradicional e popular galego". Celebrouse o venres 18 de decembro a cargo de Branca Villares, quen realiza unha revisión con perspectiva de xénero sobre o cancionero

Entroido. O 11, 12 e 16 de febreiro realizáronse actividades en liña en relación ao Entroido, o que outros anos viña sendo recibir grupos baixo o paraugas de *Máscaras Tradicionais Galegas*. Este ano realizáronse tres charlas sobre os caretos de Podence, Os Carochos de Riofrío de Aliste e o Entroido de Mugares (Toén).

Mostra Internacional de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego. Temos que falar de dúas edicións, a de 2020 e a deste ano.

A de 2020 íase realizar do 23 ao 29 de marzo, pero tivo que ser adiada. Celebrouse na última semana de agosto, do 25 ao 29, con versión en liña e presencial na sala Numax, no Teatro Principal e ao aire libre no parque de Bonaval, tendo que trasladar a última destas sesións ao auditorio do Museo por mor da chuvia..

Nesta mostra estreouse o documental *Dorothe na vila* sobre o traballo da etnomusicóloga Dorothe Schubarth cuxos fondos forman parte do APOI e que foron usados no documental.

Coincidindo co festival e coa presenza nel de Jorge Moreno, comisario da exposición *As pequenas cousas*, fíxose unha visita guiada a esta mostra.

A edición de 2021, a **16**, foi do 6 ao 10 de abril con tres sedes: Teatro Principal, sala Numax e o propio Museo. Esta edición comezou cunha roda de prensa no Museo o día da inauguración da exposición *Ons soa*. O filme gañador foi *Neiti Aika*, da finlandesa Elina Talvensaari, e o mellor filme galego recaeu en *A miña terra*, de Santiago D. Risco. Tamén se outorgaron os premios AGANTRO, a *Como el viento*, premio CREA ao filme *A poeta analfabeta* e o premio do Público a *Entre pastores e lobos*.

A voltas co baile. Tamén temos que falar da edición de 2020 e da de 2021.

A de 2021 tiña que celebrarse en abril e, como xa comentamos na pasada Asemblea, houbo que adiala celebrándoa os días 10 e 11 de setembro e realizouse en liña. Trataron sobre as danzas brancas a través das conferencias de Luís Costa, Antonio Martín Ramos e Miguel Sotelo.

A voltas co baile puido celebrarse este ano 2021 na data prevista. Foi o venres 30 de abril. Nesta edición tratou sobre usos actuais do baile tradicional e coa participación de Uxío Leira, Bea Díaz, Janet Novás e Jaime Pablo Díaz.

7. COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS

Grazas ás axudas da Deputación da Coruña contamos con dúas persoas, María Fernández Villamarín e Manuel Rial, a media xornada durante os tres últimos meses do ano 2020. A primeira encargouse de levar as redes sociais, mentres o segundo traballou nos contidos da nova páxina web. Neste momento contamos con outra persoa levando comunicación. Trátase de Mónica Ares que comezou o día 3 de

maio a media xornada e xa aumentou a nosa presenza nas redes, incluíndo un vídeo convidando á xente a asociarse.

Como xa dixen na asemblea do ano pasado, pensamos que neste momento a comunicación é unha función importante de todo museo para chegarmos á sociedade. É importancia facer unha boa comunicación, tanto nos medios tradicionais como nas redes sociais, para conseguir un posicionamento do Museo do Pobo Galego na prensa e nunha nova realidade dixital (coa posibilidade de chegar a públicos máis novos) e, por outro, promover e poñer o foco na actividade diaria do Museo así como nos fondos, variados e importantes, que gardamos.

En canto á páxina web, estamos en proceso de construír unha nova. En principio contábase tela hai para finais de marzo, pero tivemos algúns retrasos e contamos con tela axiña, pois está moi avanzada. Parte do atraso débese a que queremos que sexa accesible, algo que nos interesa para abrimos a outros colectivos, como a xente que está integrada na ONCE, organización coa que pretendemos facer un convenio para non só que as persoas con discapacidade visual poidan navegar pola nosa web, senón tamén para que poidan participar noutras actividades.

8. PUBLICACIÓNS

Queremos continuar coa serie “Manuais” que se retomou no 2018 co libro sobre os canteiros de Xosé Cernadas e continuamos no 2019 co de Francisco Calo *Vida e traballo no mar dos galegos*. Este ano estamos pendentes, como nos casos anteriores, da axuda da Deputación da Coruña para poder continuar coa serie. Está previsto publicar un traballo de Xerardo Dasairas sobre os fogueteiros, que faría o volume número cinco da colección.

Con motivo do ano das Artes Galegas dedicado a Domingos de Andrade quixemos participar nesta conmemoración coa edición do libro *Andrade en Bonaval* con fotos de Juan Feáns e prólogo de M^a Xosé Fernández Cerviño. Este libro foi coeditado co Consorcio de Santiago e presentouse no Museo o 14 de xaneiro.

Participamos coa Fundación Antonio Fraguas Fraguas na edición do libro *Os animais de Fraguas*, a partir dun inédito de D. Antonio que conta coas ilustracións de Miguelanxo Prado e a edición artística de Kiko da Silva; e coa Fundación Vicente Risco e a editorial Galaxia na edición do libro *A colección fraseolóxica de Vicente Risco*, de Xosé M^a Gómez Clemente e que presentamos aquí o martes 27 de abril.

Mais seguramente o libro no que se puxo máis entusiasmo, en todos poñemos entusiasmo, foi na publicación de *Carlos García Martínez. Obra completa*, libro que é unha homenaxe ao anterior director do Museo e que presentamos o 3 de decembro de 2020 coa presenza da súa familia.

9. INSTITUTO DE ESTUDOS DAS IDENTIDADES (IEI)

O luns día 26 de abril fixemos unha xuntanza do Instituto de Estudos das Identidades (IEI) para ver de retomar a súa actividade e como facelo. Asistiron os patróns e patroas que actualmente o conforman. Foi unha xuntanza presencial e con dúas persoas conectadas en liña e que viven fóra de Compostela.

Na reunión acordouse mirar de presentar un proxecto a eurorexión Galicia-Norte de Portugal, un proxecto sobre a identidade con lazos con autores portugueses.

Tamén se pasou revista á situación actual da publicación do VI Foro das Identidades. Este Foro, feito en colaboración co Consello da Cultura Galega, estaba previsto realizalo a comezos do ano pasado, mais só puidemos facer na data prevista a conferencia inaugural con Ignacio Innerarity, que tivo lugar no Consello da Cultura Galega. O resto das mesas, cinco, nas que se dividía quedaron adiadas pola pandemia e realizadas en novembro e decembro. Agás a primeira mesa, celebrada no Consello da Cultura que foi en liña e sen público, as demais, realizadas no MPG foron mixtas: en liña e con presenza de público. Pódense ver no canal de youtube do MPG.

10. PERSOAL

No último trimestre do ano 2020 contamos con persoal contratado a media xornada, grazas ás axudas da Deputación Provincial da Coruña.

Na Biblioteca e Arquivo documental traballou Ana Mateos Vara e Denís Estévez Fernández, quen traballou na dixitalización de carteis. No APOI Sara Santalla Iglesias e Isabel Vigo. En comunicación María Fernández Villamarín e Manuel Rial. En colección Alexa García Pose. Gustaríanos que tivesen unha maior duración e continuidade para desenvolver de xeito máis eficaz as nosas tarefas. E como xa queda reflectido no

O luns 22 de marzo realizamos unha xornada de simulacro de evacuación dentro dun plan de autoprotección.

11. OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPAMOS

Setembro 5. Gravación do programa de TVE *Un país mágico* sobre o Museo guiado por Carme Campo (Deac) e que foi emitido o 18 de outubro polo segundo canal da TVE.

12. O MUSEO ACOLLE

O Museo acolle diversas e múltiples actividades ao que lle temos que dedicar tempo e enerxías. Quero resaltar isto, porque aínda que a actividade veña de fóra, para o Museo teñen tamén un custe e unha visibilidade.

Ano 2020

Xullo 26. Concertos do TradFest na igrexa pola mañá e pola tarde. Entrando polo Museo.

Agosto 20. Charla de Óscar Laguna sobre órganos no coro da igrexa dentro do ciclo *De Lugares e Órganos*, actividade do Concello de Santiago de Compostela.

Agosto 23. Asemblea dos socios e socias da cooperativa *A nosa enerxía*.

Setembro 3. Acto organizado por Arenaria sobre pesca e coa participación da Consellería de Pesca da Xunta de Galicia.

Setembro 11. Claustro, *Tocar a pel do animal*, espectáculo musical con Benxamín Otero e Elena Tarrats.

Setembro 12. Claustro, Noite do patrimonio, espectáculo de danza organizado polo Auditorio de Galicia.

Setembro 26. *Té con Kant*, espectáculo teatral dentro do Festival de Filosofía organizado polo Consello da Cultura Galega.

Outubro 1. Presentación do libro *Meirás, un pazo, un espolio, un caudillo*, de Carlos Babío pola Fundación Galiza Sempre.

Outubro 8. Gravación na biblioteca dunha entrevista a Carlos Mella e a Euloxio Ruibal por Xosé Bocixa para a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Outubro 16. Gravación na escaleira do documental *Os segredos da escaleira de Bonaval*, de Pablo Goluboff e Ruth Varela con entrevistas ao arquitecto Franco Taboada e ao matemático Fernando Alcalde Cuesta.

No coro da igrexa gravación a Miguel A. Cajigal para unhas clases en liña da USC.

Outubro 20. Conferencia de Estar Arquitectos: *la transformación del Ancien Manège*, polos arquitectos Aurora Armental Ruiz e Stefano Ciurlo Walker. Ciclo organizado polo COAG e que tiña máis actos programados pero que foron cancelados polo peche perimetral de Santiago de Compostela.

Novembro 16. Gravación na escaleira e no claustro dun vídeo para *Compostela en negro* con motivo do día da violencia de xénero.

Gravación de varias entrevistas para un documental sobre Nós para a Televisión de Galicia pola produtora Outro SL.

Novembro 17. Presentación do libro de Rodrigo Costoya, *Portosanto*, acto promovido pola Dirección Xeral de Política Lingüística e coa presenza do Secretario de Política Lingüística, don Valentín García Gómez.

Novembro 19. Presentación da novela *Un señor elegante* de Suso del Toro na igrexa de Bonaval, colaboramos con apoio técnico.

Decembro 4. Gravación na Biblioteca Baltar dunha entrevista ao escritor Suso de Toro para o programa Zig Zag da TVG.

Gravación no claustro alto de Xurxo Lobato a Carlos Castelao para un documental.

Decembro 8. No claustro, representación de *Palabras en pedra*, textos de Valle Inclán pola compañía Teatro en punto.

Ano 2021

Xaneiro 5. Acto de recepción dos Reis Magos na igrexa de Bonaval organizado polo Concello. Os visitantes saían polo Museo.

Marzo 1. Visita á ala sur do Presidente da Xunta de Galicia, Delegado do Goberno, Alcalde de Santiago de Compostela, Conselleiro de Cultura e Conselleira de Acción Cultural do Concello de Santiago de Compostela, xunto ao Presidente do Padroado do MPG.

Marzo 4. Presentación do libro de Mercedes Espiño *Espazos de Rosalía en Compostela*, editado pola Asociación Cultural O Galo e o Concello de Santiago de Compostela.

Marzo 6. Roda de prensa conxunta da escola Sementeira e da asociación Ikastolen Elkartean.

Marzo 26 e 27. Xornadas *O que non se escribe. Arquivos sonoros e creación contemporánea*, organizadas por Luneda producións.

Abril 16. Presentación á prensa do cd *A Viaxe* do músico arxentino Juan Carlos Cambas, coa presenza de Silvina Montenegro, cónsul arxentina, e de Antonio Miranda Secretario Xeral da Emigración.

Abril 16. Presentación de *Políticas públicas da memoria na Galiza* de Luís Bará, pola Fundación Galiza Sempre.